

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA			
<b>CÓDIGO</b>			
<b>MATERIA</b>	Técnicas de Representación		
<b>DISCIPLINA</b>	Debuxo Artístico II		
<b>TITULACIÓN</b>	Técnico Superior en Arte dramática		
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía		
<b>ITINERARIO</b>			
<b>CURSO</b>	2º	<b>CUADRIMESTRE</b>	1º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	5		
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria		
<b>DEPARTAMENTO</b>	Escenografía		
<b>CENTRO</b>	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia		
<b>COORDINADOR/A</b>			
<b>DOCENTE</b>	<b>Nome e apelidos:</b> María Sarmiento Rivas <b>Horario titorías:</b> Ver Web ESAD <b>Despacho:</b> Aula P11 <b>Contacto:</b> <a href="mailto:mariasarmiento@edu.xunta.es">mariasarmiento@edu.xunta.es</a>		
<b>DESCRICIÓN</b>	Coñecemento avanzado das técnicas instrumentais do debuxo e do deseño. Debuxo a man alzada. Técnicas de representación tridimensional. Técnicas plásticas de representación II. Valoración e selección dos procesos instrumentais idóneos para cada proxecto. Capacidade de recoñecer e escoller a propia técnica de representación.		
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Os acadados en Debuxo Artístico I.		
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>		
2. COMPETENCIAS. DECRETO 179/2015, do 29 de outubro			
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN			
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.		
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.		
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.		
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.		
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.		
<b>T11</b>	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.		
<b>T12</b>	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.		
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.		
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.		
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.		
<b>T16</b>	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.		
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.		
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN			
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.		
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.		
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.		
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.		
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.		
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.		

<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>		
<b>EE1</b>	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.	
<b>EE2</b>	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.	
<b>EE3</b>	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.	
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>		<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Que os alumnos descubran as posibilidades expresivas e de comunicación visual que poden lograrse se coñecen e saben utilizar correctamente as técnicas de expresión plástica.		T8, T11, X1, X6, EE1, EE3.
2. Estimular os mecanismos de percepción relacionados coa imaxe plástica, de tal xeito que o alumnado poida desenvolver a memoria visual e retentiva.		T1, T2, T15, X1, EE2, EE3.
3. Representar a realidade a partir de determinadas premisas segundo técnicas variadas.		T7, T12, T16, X3, EE2.
4. Desenvolver a capacidade de síntese, simplificando e reducindo as formas a esquemas xeométricos elementais.		T2, T12, EE1, EE2, EE3, EE5
5. Elaborar o debuxo nas súas distintas fases ata chegar ao acabado.		T1, T2, T13, X5, EE1, EE2, EE3.
6. Forzar a imaxinación coa interpretación e representación de mensaxes non icónicas, senón emocionais e sensitivas, para transformalas en elementos visuais.		T14, T15, X1, X6, EE3, EE5.
7. Valorar criticamente a utilización das técnicas e materiais empregados segundo a finalidade plástica requirida, sabendo escoller en cada momento os procedementos máis adecuados co fin de atopar unha coherencia entre forma, expresión e contido.		T1, T6, T13, T16, X1, X3, EE2, EE3.
8. Motivar o interese pola busca de solucións aos diferentes problemas formulados, analizando criticamente os resultados tanto propios como alleos, tratando de xerar respecto tanto pola propia obra como pola dos demais.		T6, T7, T8, T17, X3, X5, EE2, EE5.
9. Desenvolver e potenciar o sentido da perspectiva e as capacidades gráficas expresivas do alumnado como soporte da representación creativa.		T8, T11, T12, T13, T17, X5.
<b>3.1. OBXECTIVOS PENDENTES DE DA1 CURSO 2019-2020</b>		<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
2. Clasificar os elementos formais segundo criterios de función e comparación (analogía e contraste).		T2, T14, T16, X1, X3, EE2, EE3.
3. Organizar os datos visuais que operan en toda realización gráfico-plástica. Analízalos e tratar de interpretalos en dous sentidos: un globalizador como compoñente aditivo da obra, e outro analizando o seu propio valor intrínseco como partes dun todo.		T2, T14, T16, X1, X3, EE2, EE3.
<b>4. CONTIDOS</b>		
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>
<b>1. A figura humana.</b>	1.1. Canon e proporción. 1.2. Estudo e representación do movemento na figura humana (actores). 1.3. A memoria visual: traballos de retentiva. 1.4. Representación de actores no espazo escénico: o corpo no espazo.	18
<b>2. Creación artística escenográfica I.</b>	2.1. Creación da personaxe: bosquexos de caracterización e vestuario.	15
<b>3. Creación artística escenográfica II.</b>	3.1 Representación gráfica de escenas: Bosquexos de perspectivas e ambientes.	14
<b>4. Formas de narrar.</b>	4.1. Storyboard.	15
<b>5. Proxecto artístico espacial.</b>	5.1. Proposta. 5.2. Análise, busca de referentes e liña estética. 5.3. Deseño: espazos, elementos construtivos, iluminación e personaxes. 5.4. Execución: composición en 100x70 cm e técnica mixta. 5.5. Presentación e defensa.	16
<b>4.1. REFORZO DE CONTIDOS DA1 DO CURSO 2019-2020</b>		
<b>5. Proxecto artístico escenográfico.</b>	A desenvolver de forma integrada no Proxecto artístico espacial de DA2.	
<b>4.4. O uso simbólico da cor na escena: a psicoloxía do</b>	Estes contidos traballaranse de forma integrada nas actividades a realizar durante o cuadrimestre.	

espectador.			
<b>4.2. REFORZO DE CONTIDOS PVP2 DO CURSO 2019-2020</b>			
<b>6. A imaxe visual.</b>	Estes contidos traballaranse de forma integrada nas actividades a realizar durante o cuadrimestre.		
<b>7. A percepción do espazo nas artes.</b>			
<b>4.3. REFORZO DE CONTIDOS Espazo Escénico 2 DO CURSO 2019-2020</b>			
<b>Bosquexos de atmosfera</b>	Este contido traballarase de forma transversal no punto 3.1. <b>Representación gráfica de escenas: Bosquexos de perspectivas e ambientes.</b>		
<b>TOTAL SESIÓNS</b>			<b>78</b>
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Actividade / Número de horas</b>	<b>Presencial (horas)</b>	<b>Non presencial (horas)</b>	<b>Total</b>
Actividades introdutorias	2		2
Exposición práctico-teórica	15		15
Traballos de aula	40		40
Traballo autónomo	13	54	68
Titorías individuais		6	6
Titorías de grupo		6	6
Actividades de avaliación. Probas	4		4
Actividades de avaliación. Presentacións	4		4
Actividades de avaliación. Revisión		6	6
<b>TOTAL</b>	<b>78</b>	<b>72</b>	<b>150</b>
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>		
<b>Actividades introdutorias</b>	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.		
<b>Sesión maxistral</b>	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.		
<b>Resolución de problemas e/ou exercicios.</b>	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante o traballo con todo tipo de variables que permitan considerar diferentes posibilidades de resolución do problema ou do exercicio.		
<b>Presentacións/exposicións.</b>	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo		
<b>Traballos de aula</b>	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da profesora.		
<b>Saídas de estudo/prácticas de campo</b>	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores. Entre elas pódense citar prácticas de campo, visitas a eventos, teatros, auditorios, salas de concertos, festivais, centros de investigación, empresas, institucións... de interese académico-profesional para o alumnado.		
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>			
<b>Titorías individuais</b>	Entrevista que o/a alumno/a mantén coa profesora para asesoramento e/ou desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.		
<b>Titorías de grupo</b>	Entrevista que o grupo mantén coa profesora para asesoramento e/ou desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.		
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>			
<b>8.1 Avaliación continua ordinaria</b>			
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>	
Traballos de aula.	T6, T17, X3, X4, X8, EE5	60%	
Diario gráfico persoal	T1, T2, T15, X1, X3, X5, X6, X7, X8, EE1, EE2, EE3	20%	
Presentación e defensa do proxecto artístico espacial.	T6, T7, T8, T11, T12, T13, X3, X6	20%	
<b>8.2. Avaliación continua extraordinaria</b>			
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>	
Traballos de aula suspensos ou non presentados.	T6, T17, X3, X4, X8, EE5	60%	
Diario gráfico persoal	T1, T2, T15, X1, X3, X5, X6, X7, X8, EE1, EE2, EE3	20%	
Presentación do proxecto artístico	T6, T7, T8, T11, T12, T13, X3, X6	20%	

espacial suspenso ou non presentado.		
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Cartafof cos traballos propostos ao longo do curso.	T1, T2, T15, X5, X6, EE3	30%
Exame práctico.	T1, T2, T14, T15, T16, T17, X1, X5, EE1, EE2, EE3, EE5.	50%
Presentación do proxecto artístico espacial.	T6, T7, T8, T11, T12, T13, X3, X6	20%
<b>9. Criterios de avaliación aplicables. DECRETO 179/2015, do 29 de outubro</b>		
AT3, AT5, AT6, AT9, AT10, AT11, AT12, AT13, AT14, AT15, AT16, AT17, AX1, AX3, AX4, AX5, AX7, AX9, AX18, AX28, AX29, AX30, AE7, AE8, AE9, AE10, AE13, AE14.		
<b>10. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
<p>Referencias básicas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• AGUILERA, E.M. "El desnudo en las artes" Edit. Giner.- Madrid.- 1.972.</li> <li>• BARCASAY, J. "Anatomía del cuerpo humano" Edit.- Daimón.- Madrid.- 1.968.</li> <li>• BONOME "Concepto y técnica del dibujo y de la composición" Edit. Fabril.- Buenos Aires</li> <li>• CAMP, J. "Dibujar con los grandes maestros" Edit. H. Blume.-Madrid.-1.982.</li> <li>• CENNINO CENNINI:"Tratado de la pintura" (El libro del Arte) Edit. Meseguer.-Barcelona.-. 1.979</li> <li>• Bowyer, Jason. Introducción al dibujo. Barcelona: Editorial Blume, 1992.</li> <li>• De Sausmarez, Maurice . Diseño básico: Dinamica de la forma visual en las artes plásticas. Barcelona: Editorial Gustavo Gili, 1995</li> <li>• Günter, Hugo Magnus. Manual para dibujantes e ilustradores: una guía para el trabajo práctico. Barcelona: Editorial Gustavo Gili S.A., 1980</li> <li>• Hanks, Kart; Larry Belliston. El dibujo: la imagen como medio de comunicación. México: Editorial Trillas, 1995</li> <li>• Puente J., Rosa. Dibujo y Comunicación Gráfica. México: Editorial Gustavo Gili, 1998</li> <li>• Wong, Wicius. Fundamentos Del Diseño. Barcelona: Editorial Gustavo Gili, 1995</li> <li>• Fundamentos del dibujo Artístico. Barcelona: Parramón Ediciones, 2001</li> <li>• BERGER, JOHN. " Sobre el dibujo", Gustavo Gili. Barcelona. 2011.</li> </ul> <p>Referencias complementarias</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ARNHEIM, R. Arte y percepción visual. Madrid: Alianza Editorial.2005</li> <li>• ARNHEIM, R. "El pensamiento visual" Edit. Paidós.- Barcelona.- 1.986</li> <li>• "Estudio sobre la composición en las artes visuales" Edit. Alianza Forma.</li> <li>• ARGAM, Giulio C. "El arte moderno" Edit. Fernando Torres.- Valencia.- 1.975</li> <li>• GIBSON "La percepción del mundo visual" Edit. Infinito.- Buenos Aires.- 1.974.</li> <li>• KAVOLIS, "La expresión artística" Edit. Amorrortu.</li> <li>• MARCHAN, Simón "Arte objeto-concepto" Edit. Alberto Corazón.- Madrid.- 1.972.</li> <li>• MOHOLY-NAGY, LASLO. "La nueva visión" Edit. Infinito.</li> <li>• ROWLEY, G. "Principios de la pintura China"</li> <li>• SCOTT, Robert "Fundamentos del diseño" Edit. Víctor Lern.- Buenos Aires, 1.972.</li> </ul>		
<b>11. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• DISCIPLINAS CON CONTIDOS PROGRESIVOS: Para ser avaliado nesta disciplina, hai que ter aprobadas as disciplinas anteriores coa mesma denominación.</li> <li>• Os exames e entregas deberán axustarse aos prazos e hora indicados pola profesora da materia ou Xefatura de Estudos, o seu non cumprimento implicará a non superación destes.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b>MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS</b></p> <p>Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se <b>ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE</b>, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.</p>		

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as **ferramentas e actividades de avaliación** serían as que seguen:

<b>Avaliación continua ordinaria</b>		
<b>Ferramentas/actividades de avaliación</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Dossier fotográfico cos traballos de aula	T6, T17, X3, X4, X8, EE5	60%
Proxecto artístico espacial fotografado ou escaneado. Presentación por videoconferencia.	T6, T7, T8, T11, T12, T13, X3, X6	20%
Diario gráfico persoal fotografado ou escaneado	T1, T2, T15, X1, X3, X5, X6, X7, X8, EE1, EE2, EE3	10%
Autoavaliación dos traballos de aula e posta en común co grupo por videoconferencia.	T1, T2, T6, T7, T8, T13, T15, X1, X3, X5, X6, X7, X8, EE1, EE2, EE3	10%

<b>Avaliación continua extraordinaria</b>		
<b>Ferramentas/actividades de avaliación</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Dossier fotográfico cos traballos de aula	T6, T17, X3, X4, X8, EE5	60%
Proxecto artístico espacial fotografado ou escaneado. Presentación por videoconferencia.	T6, T7, T8, T11, T12, T13, X3, X6	20%
Diario gráfico persoal fotografado ou escaneado	T1, T2, T15, X1, X3, X5, X6, X7, X8, EE1, EE2, EE3	10%
Autoavaliación dos traballos de aula e posta en común co grupo por videoconferencia.	T1, T2, T6, T7, T8, T13, T15, X1, X3, X5, X6, X7, X8, EE1, EE2, EE3	10%

<b>Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua</b>		
<b>Ferramentas/actividades de avaliación</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Dossier fotográfico cos traballos de aula ou guiados	T6, T17, X3, X4, X8, EE5	50%
Proxecto artístico espacial fotografado ou escaneado. Presentación por videoconferencia.	T6, T7, T8, T11, T12, T13, X3, X6	20%
Exame práctico a través de videoconferencia.	T1, T2, T14, T15, T16, T17, X1, X5, EE1, EE2, EE3, EE5.	30%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

## **12. OUTROS**

- O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado segundo o procedemento que se establece na programación docente anual.